
O Grupo de Traballo de Debuxo Técnico II
informa sobre a proba da PAU Xuño 2026:

Recoñecemos que se deron dous erros nos enunciados facilitados na proba, en concreto:

1. No enunciado do apartado 2.1, só na versión do exame en galego, había unha frase ao comezo do enunciado que non debía estar: "A partir da recta de referencia e do punto O, resolva un dos apartados seguintes".

Nas aclaratorias dentro da primeira media hora mandouse suprimir esa frase. Isto xerou a dúbida de se había que facer os dous apartados do exercicio obrigatoriamente ou se se podía elixir un dos dous. Por tanto, houbo que facer unha segunda aclaración. No recadro de fondo gris especifícase xa de xeito xeral para todo o exame a posibilidade de "elección entre apartados" excepto no "primeiro de resposta única". Inclúese a continuación unha foto do exame:



O exame consta de 4 exercicios de 2,25 puntos, **o primeiro de resposta única** e os tres seguintes con posibilidade de elección entre apartados. A puntuación total pódese completar cun punto por acabado e presentación.

PREGUNTA 2. FUNDAMENTOS XEOMÉTRICOS ***(2,25 puntos)***
A partir da recta de referencia e do punto O, **resolva un dos apartados seguintes**:
2.1.-Debuxe o homólogo do triángulo ABC e do punto P, coñecendo os puntos hómologos A´e C´ e un punto dobre D-D´

2. No enunciado do apartado 3.1, había unha proxección horizontal (A1) de máis, que se mandou suprimir na primeira media hora de dúbidas e aclaracións.

Estes foron os feitos que lamentamos profundamente e que se emendaron no transcurso da proba, coa ampliación de media hora na duración da mesma, co fin de que o alumnado tivese noventa minutos para realizar a proba despois de feitas todas as aclaracións. Trasladouse ao alumnado que estas cuestións serían tidas en conta na corrección. Lamentamos especialmente que o erro se producise no enunciado en galego, dado o compromiso deste Grupo de Traballo coa lingua e a cultura do país.

O Grupo de Traballo trasladará a todos os/as integrantes da Comisión de Avaliación os incidentes acaecidos durante a proba e outros que se poidan detectar durante a corrección dos exames, coa determinación de evitar prexudicar en todo momento ao alumnado.

Agradecemos ao profesorado de bacharelato a súa vixilancia e interese pola mellora das probas PAU, que xulgamos tan necesarias para garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado.